

## **CAMPIONATO GALEGO de SQUASH SUB 19**

22 de XANEIRO de 2022

(Squash Club Santiago, Milladoiro ( Ames))

### **BASES:**

1º.- O Campionato disputarase nas instalacións do Squash Club Santiago en Avda. Rosalía de Castro, 59 Milladoiro (Ames); O día **22 de xaneiro de 2021**. Seguiranse protocolos estrictos de prevención da Covid 19, así como a realización de tests a tódolos xogadores, 30 minutos antes da súa entrada. Enviarase toda a información por email ós clubs que a farán chegar ós seus xogadores inscritos.

2º.- Para inscribirse no torneo **é obrigatorio estar en posesión da Licenza Federativa da F.G.S. 2022.**

3º.- As inscricións faranse a través de Rankedin:  
<https://rankedin.com/es/tournament/7781/campionato-galego-sub-19-2022>

O peche da inscrición será o **luns, 17 de xaneiro de 2022 ás 20 horas.** O **precio da inscrición será de: 15 €.** Poderán inscribirse tódolos xogadores menores de 19 anos.

4º.- O **pago realizarase por transferencia bancaria**, e o xustificante será enviado por e-mail a : [info@fgsquash.org](mailto:info@fgsquash.org) antes do mércores 19 de xaneiro ás 11h, de non ser así a inscrición no terá validez. A todos os participantes faráselle entrega dun detalle.

**Número de conta: ABANCA ES47 2080 0501 1730 4003 1815.**

5º.- O martes, publicarase o listado provisional de inscritos/as, O mércores publicarase o listado definitivo de inscritos/as.

6º.- Os xogadores están obrigados a coñecer o seu horario de xogo, no caso, da súa incomparecencia, 15 minutos despois do horario do seu partido, serán dados W.O. Mantendranse os horarios dunha maneira estricta.

7º.- O torneo xogarase coa bola oficial da Federación Galega de Squash, **Dunlop Dobre punto.**

8º.- Os partidos xogaranse ó millor de cinco xogos de 11 puntos e xogaranse tódolos postos. Poderase modificar (xogar a 3 xogos) si houberse un gran número de inscritos/as ou por motivos de tempo.

9º.- O uso das gafas protectoras homologadas de Squash será obrigatorio para tódolos xogadores.

10º.- O Xuíz- Árbitro do torneo será: **D. PABLO RODRÍGUEZ MOSQUERA** e as súas decisións serán inapelables.

11º.- O torneo é valedeiro para o Ránking Galego Xúnior Sub 19 (Puntuación dobre).

12º.- Entregaranse trofeos ós tres primeiros clasificados/as, seguindo todas ás medidas de seguridade. E tamén se realizara un sorteo de material deportivo entre todos os inscritos/as.

13º Os campións e subcampións de ambas Categorías terán unha axuda ó desprazamento ó Campionato de España de Squash Sub 19 de 150€/ xogador.

\*\*\*\* A inscrición ao **presente Campionato leva implícita a cesión dos dereitos de imaxe para todo o relacionado con este evento deportivo.**

*Todos os eventos do Calendario da Federación Galega de Squash son considerados públicos e polo tanto os datos dos deportistas/ participantes son notorios, de proxección pública, moi especialmente cando se obteña podio ou recoñecemento deportivo e social, e polo tanto son datos onde predomina o interese histórico e deportivo da FGS, celebrado en lugares abertos ao público. Así será de aplicación o artigo da Ley Orgánica 1/1982, de 5 de maio, e o uso das imaxes queda públicamente aceptado e autorizado, reseitando o dereito fundamental ao honor, á intimidade porsoal e familiar e á propia imaxe.*

**No caso de non desexar ou outorgar o seu consentimento para o tratamento dos datos anteriormente citados, o deportista non poderá participar no evento deportivo DE NINGÚN MODO mesmo aínda que teña realizada e formalizada a súa inscrición.** Aínda así, no caso de que esté no lugar do evento aberto ao público, mesmo sen participar, e a súa imaxe fose captada de forma accidental, será de aplicación o **artigo 8-c** da Lei Orgánica 1/1982 como imaxe simplemente accesoria e poderá ser reproducida sen o seu consentimento, segundo o citado artigo legal.

